

PROGRAMACIÓN **EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**
CURSO 2021-2022. CPI Manuel Suárez Marquier
SEMINARIO DE DEBUXO

Compañentes do departamento: Gabriel Carrera Pérez (Xefe de Dpto.)

INDICE

1. Introducción e contextualización
 - 1.1. Composición do departamento
 - 1.2. As competencias clave
 - 1.3. Características do nivel de desenvolvemento do alumnado en función da súa idade
2. Metodoloxía
 - 2.1. Recomendacións metodolóxicas
 - A autonomía persoal e o tratamento da diversidade
 - Organización de espazos e tempos
 - Agrupamento dos alumnos
 - Papel do profesor
 - Materiais e recursos
 - Relación con outras áreas do currículo
 - 2.2. Características da metodoloxía para a Educación Plástica e Visual
3. A avaliación
 - 3.1. Criterios xerais de avaliación
 1. Como avaliar
 2. Que avaliar
 3. Cando avaliar
 - 3.2. Criterios e instrumentos específicos de avaliación aplicados en Educación Plástica e Visual
 - 3.3. Procedementos para a realización da avaliación inicial e para acreditar os coñecementos previos
 - 3.4. Avaliación do alumnado coa materia de Educación Plástica e Visual pendente
 - 3.5. Avaliación do alumnado que repite curso
4. Obxectivos xerais
5. Programación
 - 5.1. A sección bilingüe: 1º , 3º e 4º da ESO
 - 5.1.1. Metodoloxía específica na sección bilingüe
 - 5.1.2. A avaliación na sección bilingüe
 - 5.2. 1º ESO
 - 5.2.1. Contidos
 - 5.2.2. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.
 - 5.2.3. Competencias
 - 5.3. 3º de ESO
 - 5.3.1. Obxectivos xerais para 3º da ESO
 - 5.3.2. Contidos
 - 5.3.3. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.
 - 5.3.4. Competencias.
 - 5.4. 4º de ESO

5.4.1. Contidos

5.4.2. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

5.4.3. Competencias.

6. Temporalización

7. Educación en valores

8. Actividades extraescolares e complementarias

9. Accións de contribución ao plan TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia do centro

10. Procedementos para avaliar a propia programación, o proceso de ensino e a práctica docente

11. Bibliografía.

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Composición do departamento

Xefa de departamento: Gabriel Carrera Pérez.

Imparte clase nos seguintes grupos: 1º ESO (A, B), 3º ESO (A, B) e 4º ESO (Ce D) .

1.2. As competencias clave

No Proxecto Curricular recóllense non soamente os principios fundamentais epistemolóxicos, sociolóxicos e psicopedagóxicos da política educativa vixente, sino tamén as directrices metodolóxicas e procedementais para desenvolver un ensino de calidade, seguindo as directrices da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a Lei 8/2013 do 9 de decembro e o decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, nos que promóvese un apreciable grado de autonomía organizativa e curricular nos centros.

As programacións de Educación Plástica e Visual de 1º, 3º e 4º de ESO corresponden á Programación Didáctica de Referencia proposta pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Estes documentos constitúen unha visión ampla da materia, inclúen as referencias básicas que o alumnado debe posuír e unifican nun alto nivel os coñecementos dos alumnos/as en xeral cara ó futuro traballo no centro.

A programación do Seminario de Debuxo toma como referencia o marco lexislativo que ordena e orienta o sistema educativo español e que está formado por:

- Constitución Española de 1978 (art. 27)
- Real Decreto 124/2007 no que se establece o uso do galego.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Documentación oficial de Educación Secundaria Obrigatoria de Galicia

Tamén elaborada en base ós obxectivos xerais marcados no Proxecto Curricular da Educación Secundaria Obrigatoria (PCC), no que se especifican os obxectivos xerais de etapa e que elaborouse tendo en conta toda a etapa en conxunto.

A importancia dos estímulos visuais na actual sociedade fai preciso o desenvolvemento das capacidades dos escolares para discernir, identificar e analizar a información que lles chega a

través da cultura da imaxe. Por outra banda, atendendo ós profundos e rápidos cambios que estamos a vivir, pódese afirmar que no ámbito da comunicación visual ábrense as portas do artístico a multitude de experiencias e posibilidades.

É básico que o alumnado dispoña dunha bagaxe cultural e humanística adecuada para poder desenvolverse neste ámbito, promovéndose o desenvolvemento das capacidades vinculadas ó visual, ó creativo, así coma ás habilidades manuais e técnicas. Dáselle prioridade á comprensión e á reflexión persoal fronte á aprendizaxe mecánica, ten importancia a utilidade práctica do aprendido e adáptanse os contidos ás condicións espaciais e materiais do Centro. A gran cantidade de material necesario nesta materia límtase por respecto ás condicións económicas e sociais do alumnado, promovéndose o seu interese pola reciclaxe e favorecendo a solidariedade do grupo no compartido de materiais: é máis importante a creatividade que o alarde de medios.

A Comisión Europea de Educación, ante a necesidade de crear un marco educativo común, establece unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ó longo da vida e anima ós estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección.

As competencias básicas concíbense como o conxunto de habilidades cognitivas, procedimentais e actitudinais que poden e deben ser alcanzadas ó longo do ensino obrigatorio por todo o alumnado, respectando as características individuais. Estas competencias son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

O desenvolvemento das competencias básicas debe permitir ós estudantes integrar as súas aprendizaxes, en relación con distintos tipos de contidos, utilizar eses contidos de forma efectiva cando resulten necesarios e aplicarlos en diferentes situacións e contextos.

De acordo co disposto na LOMCE, as competencias clave forman parte dos ensinos mínimos da educación obrigatoria, xunto cos obxectivos de cada área ou materia, os contidos e os criterios de avaliación. Polo tanto, non substitúen ós elementos que actualmente contémpanse no currículo, sino que os completan platexando un enfoque integrado e integrador de todo o currículo escolar.

Establécense **sete competencias clave**:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Estas competencias clave no son independentes unhas doutras, sino que están entrelazadas. Algúns elementos delas complementáanse, entrecrúzanse ou abordan perspectivas complementarias. Como norma, cada unha das áreas debe contribuír ó desenvolvemento de diferentes competencias e, o mesmo tempo, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias. Unicamente deste modo pódese garantir que as aprendizaxes colaboren efectivamente ó desenvolvemento das competencias, na medida en que intégrense na estrutura global do coñecemento e facilite a súa aplicación a unha gran variedade de situacións.

1.3. Características do nivel de desenvolvemento do alumnado en función da súa idade

Para unha boa planificación dun programa de Expresión Plástica e Visual no ensino secundario, o primeiro que se debe ter en conta son os alumnos.

Moi poucos doos seguirán tendo relación cúa materia despois desta etapa, polo que se debe concibir un programa (interesante e con significado) non para individuos con especiais aptitudes cara á materia, senón para un mozo ou moza ordinario que debe afrontar con autonomía e responsabilidade calquera papel na sociedade.

Esta etapa, que comprende sen interrupcións os alumnos comprendidos entre os 12 e os 16 anos, coincide coa fase de pre-adolescencia e primeira adolescencia, na que sofren fortes cambios, tanto físicos como psicolóxicos.

En anteriores etapas os estudantes pintaban e debuxaban sen ningunha inhibición, representando imaxes relacionadas co eu. Na primeira fase desta etapa comezan a perder a espontaneidade e a desenvolver un razoamento crítico; son máis críticos coas súas accións e tamén se volven máis criticamente conscientes da súa produción gráfica e do mundo cotián de imaxes e feitos plásticos que os rodean. É unha etapa difícil, pero unha das máis interesantes. Son inquedos, están excitados. Na área intelectual comezan a desenvolver o pensamento abstracto.

Ó final da etapa os alumnos entran nun proceso de autodefinición (cada vez son maiores as esixencias da sociedade actual que proveñen de fontes exteriores a un mesmo, e hai poucas oportunidades para sentirse responsable do que se está a facer ou para dominar unha parte da propia vida). O alumno non abandonou a preocupación por si mesmo, é auténtico, introspectivo e idealista, e está en aumento a súa preocupación pola relación coa sociedade. Non acepta facilmente os valores dunha xeración maior, séntese falto de liberdade; considera que o ensino é algo ó que ten que sobrevivir máis que algo de que pode gozar; estuda para aprobar, non para aprender, e poucos profesores conseguen crear unha boa atmosfera de aprendizaxe, empregando programas correntes e temas illados, coa correspondente monotonía e aburrimiento do alumno. A

materia de Expresión Plástica e Visual reúne as condicións necesarias para ensinalo novo camiño, máis flexible e disposto ó cambio.

Un aspecto importante que non se debe esquecer son os dous tipos apostas de percepción é valoración conceptual definidos por **Lowenfeld** como "visual" e "háptico".

No primeiro caso os alumnos relaciónanse co mundo polos seus ollos, son espectadores do que os rodea, que observan e xulgan pola súa aparencia de conxunto, sen ter en conto os detalles. Analizan as características das formas e estrutura dos obxectos e están sensibilizados ante os cambios da cor, luz, atmosfera, distancia, etc. Para eles ata as sensacións táctiles se volven visuais.

No segundo caso, os alumnos preocúpanse máis polas experiencias subxectivas, as sensacións corporais e tódalas experiencias do "eu" para establecer relacións co mundo exterior; utilizan tamaños e formas segundo a importancia que lles queiran dar, centrándose máis no detalle, que para eles pode adquirir un significado emocional.

Así, pois, resulta necesario estimularlos dous tipos de percepción, tentando buscar un equilibrio de xeito que ámbalas partes nas súas representacións reciban a súa valoración.

No primeiro ciclo desta etapa os alumnos comezan a descubrir e apreciarlo concepto de espacio. A representación da profundidade vai ser descuberta polo propio alumno; a explicación rigorosa da perspectiva, as súas regras, convértese en algo simplemente mecánico e non o relacionan co mundo da experiencia. Os alumnos con mentalidade óptica poden considerala perspectiva como unha experiencia frustrante. En canto o deseño, ata o segundo ciclo os alumnos non atopan moito interese na súa aprendizaxe formal, pois é aí onde comeza a espertalo seu interese polo aspecto funcional do deseño, aínda que non pola propia valoración. No cuarto curso, no que os alumnos escollen a área de formativa resulta un bo momento para descubrilles este aspecto novo para eles e orientalos sobre o mundo da artes plásticas.

Para moitos alumnos esta é a derradeira vez que estarán en contacto coa materia de Educación Plástica e Visual, de modo que as actividades e destrezas que desenvolvan a esta idade influirán nas reaccións e sentimentos da súa vida posterior.

2. METODOLOXÍA

Impartir a materia de **Educación Plástica e Visual** supón aplicar unha metodoloxía e criterios de avaliación adaptados ás relacións entre os contidos teóricos e os prácticos. "Os contidos da materia -define o Decreto 33/2002- son conceptuais, pero o proceso de ensino-aprendizaxe, o desenvolvemento da materia, é procedemental" (páxina 11.212 do DOGA, 17 de xullo de 2002). O principio fundamental que ha de ter en conta, mencionado no Proxecto Curricular

da Area de Debuxo do Centro, debe ser “aprender a ver e a expresarse plasticamente nunha linguaxe baseada na percepción visual (aprender a facer)”.

Os **valores perceptivos e os valores expresivos** do alumnado desenvólvense mediante diferentes **actividades**:

1. Actividades de observación (rexistras as impresións sensoriais, clarificalas seus coñecementos conceptuais e construíla súa memoria).
2. Actividades de interpretación do que vemos (alfabetización visual e coñecemento da linguaxe e sintaxe visuais).
3. Actividades de apreciación da forma de expresarse dos outros.
4. Actividades de autoexpresión como necesidade innata do individuo de comunicarlles ós outros os seus pensamentos, emocións e sentimentos.
5. Actividades de autoaprendizaxe (experimentación con distintos materiais, técnicas, sistemas, soportes, modos de expresión, etc.).

O **valor perceptivo** inclúe o proceso de interiorización e o de cognición a partir da recepción de estímulos que chegan a través das canles sensoriais, da recompilación feita pola memoria e a estruturación mental, tanto das situacións espaciais como dos factores culturais e creativos.

O **valor expresivo** orixínase polo peso do mundo introspectivo anterior á exteriorización por medio de diversas linguaxes alternativas, entre as que se atopa a expresión plástica, e que se pode manifestar a través de aspectos:

- Plásticos. Derivados da predisposición cara á imaxinación e á sensibilidade que se pode desenvolver por medio da educación a través da habilidade motriz. o dominio técnico e a capacidade creativa.
- Proxectivos. Derivados da psicoloxía e do mundo emocional interno, que reflicten na vida afectiva, nas emocións e a personalidade do individuo.
- Narrativos. Nos que conflúen as linguaxes visual e verbal mediante relacións simbólicas para reflectir estímulos e vivencias que relacionan ó individuo co mundo exterior en canto a situacións espaciais, esquemas corporais, representacións de obxectos, etc.
- Socioculturais. Que derivan da utilización da linguaxe iconográfica como un medio de información sintética e obxectiva de contidos, amosando unha relación coas restantes áreas o contorno artístico, a arquitectura, a paisaxe, os estilos artísticos, os mass-media, as linguaxes simbólicas, etc.

O **proceso de ensinanza-aprendizaxe** nesta materia pode concretarse nas **fases** que veñen de seguido:

- **Motivación.** Partindo da curiosidade do alumno ante certos temas que lle son propios, e para iso deberase:

- Partir de coñecementos previos do alumno, fomentando a súa explicitación a través de sensacións, opinións e observacións.
- Utilizar experiencias cotiás tanto da observación directa do contorno, como de imaxes proxectadas do mundo do cine, da pintura, da fotografía, da escultura, etc.
- Propiciar un progreso conceptual, presentando actividades cun grao de dificultade algo superior ó que estaban habituados con anterioridade.
- Promover situacións de aplicación do inmediatamente aprendido.
- Procurar un ambiente propicio, capaz de estimulalo proceso de creación-comunicación.
- Traballa-1a transferencia de linguaxes, introducindo audicións, lecturas poético-narrativas, e mesmo conectando con manifestacións de expresión corporal.
- Fomentala multiplicidade de respostas plásticas.
- **Observación e recollida de datos:** potenciando o contacto directo coa natureza para aprender os diferentes medios e contornos, e empregando os coñecementos adquiridos a través da práctica sinxela para empregalos no desenvolvemento de obras posteriores máis complexas.
- **Análise e desenvolvemento da proposta:** concretándose nunha realización de expresión gráfico-plástica a partir dos datos recollidos pola observación. Logo de traducilas a formas e imaxes visuais e plásticas deben ser clasificadas, analizadas e entendidas, establecendo os conceptos fundamentais que se deben aprender e a terminoloxía específica que se vai empregar, así como a súa aplicación en técnicas de traballo.

2.1. Recomendacións metodolóxicas

O ensino desta área na educación secundaria obrigatoria reúne unhas características que necesitan doutras recomendacións metodolóxicas:

- **Tratamento da diversidade.** O feito diferencial que caracteriza á especie humana é unha realidade ineludible que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúa ós docentes na necesidade de educar en e para a diversidade.

A expresión “atención á diversidade” non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), sino a tódolos escolarizados en cada clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e as alumnas debe garantirse desde o mesmo proceso de planificación educativa. Por isto a atención á diversidade artículase en tódolos niveis (centro, grupo de alumnos e alumnas e alumno concreto).

Dadas as características artísticas innatas tan diferentes do alumnado resulta conveniente sempre organizar, alomenos, tres niveis de aprendizaxe distintos:

- O nivel xeral, para a maioría da clase.
- Un nivel para alumnos con dificultades nesta materia, con actividades máis simplificadas e de reforzo dalgúns aspectos máis fundamentais.

- Un nivel complementario para aqueles alumnos con maior capacidade de asimilación de conceptos, maior destreza manual ou máis capacidade de expresión artística, para evitar que se frustren por aburrimiento esperando a que rematen os seus compañeiros.

• **Organización de espazos e tempos.** Sempre en función da programación e segundo o tipo de actividades (individuais ou grupais, de pequeno grupo ou de gran grupo), das dimensións e características da aula, e das necesidades de espazos especiais (á aire libre para traballos de observación e debuxo do natural, espazos para exposicións dos seus traballos, laboratorios especiais, visitas a museos, etc..).

Nun senso formal habería que transformalas aulas pasando da concepción estática (onde o estudante permanece sentado ou con escasa mobilidade) á aula-taller ou sala polivalente, cun espazo físico máis amplo onde se expresen os diferentes sistemas de ensino, pasando dos clásicos sistemas de ensinanza.

Sería aconsellable agrupar, alomenos, dúas horas xuntas que permitisen abordar traballos prácticos nunha soa sesión.

• **Agrupamento dos alumnos.** Sería conveniente que a distribución da aula permitise variar a distribución do mobiliario en función das necesidades de agrupamento dos alumnos e do tipo de actividade que se vaia abordar.

• **Papel do profesor.** Para que o alumno poida construílo o seu coñecemento a partir das súas ideas e representacións previas, o profesor deberá ser unha persoa suficientemente flexible, afeito a observar, analizar, reflexionar e planificar para adaptalo ensino ás características específicas dos alumnos e do seu contexto, admitindo a súa participación e as modificacións que se consideren oportunas, favorecendo un clima de interacción que propicie a manifestación de intereses, intercambio de ideas, opinións e colaboración na formulación de actividades e no seu seguimento, en como á súa regulación e proposta de solucións, avaliando o progreso do alumnado, intentando detectar as dificultades e arbitrando as medidas para resolvelas.

• **Materiais e recursos.** Sería conveniente dispoñer na aula, ademais dos elementos básicos da propia instalación (lavabos) e dos materiais co equipamento da aula (cabaletes de pintura e de modelado, forno de mufla, tórculo, colección de escaiolas) e equipo de audiovisuais: televisor, vídeo, proxector de diapositivas e retroproxector, un armario biblioteca de aula con libros sobre técnicas artísticas e Historia da Arte, e unha boa colección de diapositivas, onde se poida archivar exemplos realizados por alumnos doutros cursos; e outro armario con todo tipo de material variado relacionada coas técnicas artísticas, así como diversidade de obxectos que poidan ser empregados para a análise da súa forma e composición de bodegóns.

Así mesmo, a aula deberá dispoñer da maior superficie posible de taboleiros de cortizos que poder colocar traballos ou exemplos.

Tamén se podería intentar situar nunha esquina da aula un pequeno cuarto escuro para laboratorio fotográfico.

• **Relación con outras áreas do currículo.** Deberá dotarse a materia do maior cantidade de interdisciplinabilidade para unha aprendizaxe do contorno e máis completa posible. Procurar abordar o maior número de temas de forma conxunta con outros profesores de distintas materias, coma por exemplo:

- Coa Lingua e Literatura (galega e castelá) poderase abordala decodificación de linguaxes gráficas para codificalas por medio da linguaxe escrita ou oral, e viceversa, realizando ilustracións de contos.
- Coas Matemáticas poderase abordar todo o relativo ás formas xeométricas, as súas superficies e volumes, así coma as escalas e proporcións.
- Coas Ciencias da Natureza poderán realizarse traballos de observación do medio e análise das formas naturais.
- Coa Física poderase abordala natureza da luz e da cor.
- Coas Ciencias Sociais, tódolos aspectos relacionados coa Historia da Arte.
- Coa Música, aspectos relacionados cos ritmos visuais e sonoros.
- Coa Educación Física o relacionado coas proporcións da corpo humano.
- Coa Tecnoloxía poderán analizarse aspectos de deseño de máquinas ou obxectos de uso.

En definitiva, a Educación Plástica e Visual debe presentarse como algo vivo, espontáneo pero, ó mes mo tempo, planificada, cuns obxectivos que se deben conseguir mediante unha serie de contidos e actividades, dentro do que se considera un ensino aberto, activo, integrador e capaz de preparala persoa para a vida.

As recomendacións anteriores axudaran a acadar os **obxectivos marcados no PCC** dentro dos ámbitos de:

- comprensión, investigación e aprendizaxe
- obtención, interpretación e asimilación de información
- habilidades e destrezas técnicas
- capacidade de comunicación e expresión
- creatividade
- desenvolvemento de hábitos de respecto e disciplina
- coñecemento dos procesos e recursos do contorno social, da natureza e do propia corpo
- creación dunha imaxe realista e positiva do contorno e de un mesmo
- mecanismos e valores de diferentes culturas e sociedades
- valoración crítica e apreciación do patrimonio natural, cultural, lingüístico e social

Na aplicación da metodoloxía faise un seguimento continuado dos procesos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, adaptándose os contidos ós resultados e intereses que vaian propoñéndose ó longo do curso, e mantendo unha relación directa entre eses contidos e a realidade dos rapaces.

2.2. Características da metodoloxía para a Educación Plástica e Visual

As **características da metodoloxía** recomendable para a Educación Plástica e Visual pódese resumir nos seguintes puntos:

- **Actividade.** Na que os coñecementos se adquiren mediante a manipulación ou a acción, sobre todo no que respecta ós procedementos, hábitos e actitudes, sendo aconsellable empregala tamén para os conceptos a través da representación, observación, comparación, reflexión, análise, etc.
- **Investigación.** Na que o alumno ensaie as propiedades gráficas e expresivas dos distintos materiais (soportes, trazadores, pigmentos, aglutinantes), técnicas, estilos, novas tecnoloxías, combinacións destes, modos de expresión, etc.
- **Expositivo-descriptivo.** Para que o alumno poida argumentar os seus procesos de creación.
- **Análise crítica da súa propia obra** para poder melloralala sempre.
- **Globalizadora.** Que permita utilizar todo tipo de aprendizaxes anteriores na elaboración da obra creativa.
- **Creativa.** Buscando desenvolver a orixinalidade e o respecto á inventiva.
- **Socializadora.** Mediante a busca dun mellor entronque do individuo na sociedade na que vive, de onde se extraen os exemplos.
- **Individualizada.** Particularizando para cada individuo, recoñecendo as diferencias iniciais e o distinto modo de asimilación de cada persoa.
- **Con autonomía.** Para que o alumno teña iniciativa e sexa capaz de elixir con responsabilidade asumida pola propia conduta.

Recoméndanse **actividades** que sexan variadas, abertas, motivadoras, diversas e significativas.

- **Variadas,** para evitala monotonía, e aplicadas a niveis distintos de aprendizaxe.
- **Abertas,** que non esixan unha resposta única, senón que dean lugar a solucións distintas para cada tipo de alumno, e aínda mellor se se poden producir respostas múltiples por parte dun mesmo alumno.
- **Motivadoras,** que estimulen o interese dos alumnos por realizar o traballo
- **Diversas,** aplicables para distintos tipos de alumnos que alcancen distintos niveis de aprendizaxe e que, polo tanto, poidan presentarse con distinto grao de dificultade.
- **Significativas,** que para o alumno supoñan unha nova aprendizaxe.

3. A AVALIACIÓN

A programación de EPVA obedece á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Para establecer os criterios de avaliación, promoción e titulación do alumnado seguiremos as directrices establecidas na devantida orde.

Segundo o Proxecto Curricular do Centro a **avaliación** é “o proceso que permite a obtención da información, a súa interpretación e a emisión de xuízos que se utilizarán para tomar decisións que melloren o proceso de ensinanza-aprendizaxe”. A avaliación forma parte substantiva do proceso educativo e ten que xerar de forma continuada unha información útil e significativa tanto para o profesorado coma para o alumnado. O proceso avaliador estará incardinado na actividade diaria da aula e as valoracións que se realicen terán fundamentalmente un carácter cualitativo.

Non só é avaliado o progreso do alumnado na súa aprendizaxe senón tamén os procesos mesmos do ensino. A información obtida na avaliación deberá ser utilizada para analizar a intervención educativa do profesorado e, se é o caso, tomar a decisión de modificala coa finalidade de adecúala ás necesidades do alumnado e de facilitarlle as axudas necesarias para seguir avanzando no seu proceso formativo.

A normativa sobre avaliación establece que para avaliar as aprendizaxes dos alumnos teranse en conta os obxectivos xerais da etapa e os de cada unha das áreas, así coma os criterios de avaliación definidos no Proxecto Curricular do Centro aprobado polo Claustro de profesores.

3.1. Criterios xerais de avaliación

Os criterios da avaliación establecidos no Proxecto Curricular do Centro, a seguir en tódalas materias, son:

1. Como avaliar:

Os contidos conceptuais e procedementais suporán o 80 % da avaliación do alumnado. As actitudes e o traballo realizado por este valoraranse cun 10 % respectivamente. Estes criterios serán comúns a todas as áreas.

2. Que avaliar:

2.a. **Contidos conceptuais e procedementais:** Teoría e práctica propias de cada materia.

2.b. **Contidos actitudinais:** Respecto ó traballo dos alumnos e dos profesores, participación no desenvolvemento da clase, mantendo unha actitude activa, constancia no ritmo de traballo, o coidado do material e do lugar do traballo, a asistencia e puntualidade nas aulas, a participación no traballo en equipo.

2.c. **Traballo:** Uso do material necesario para traballar na aula, entrega das tarefas nos prazos asignados e organización e selección do material para o desenvolvemento do traballo.

3. Cando avaliar: A avaliación é un compoñente esencial e permanente de toda práctica pedagóxica. Debe existir, polo tanto, unha coherencia entre a forma de ensinar e a forma de avaliar, polo tanto a avaliación será continua e integradora, formando parte do proceso educativo para contribuír ó desenvolvemento das capacidades do alumnado.

3.a. A avaliación **inicial** permitirá axustar a ensinanza ás necesidades dos alumnos e valorar os distintos niveis de coñecemento existentes dentro do grupo-clase.

3.b. A avaliación **formativa** permitirá seguir o proceso de aprendizaxe dos alumnos ó longo do curso nas unidades didácticas vistas nas distintas áreas, deberá aportar información sobre a adquisición e a asimilación das aprendizaxes, e deberá servir:

- Para que o profesor poida detectar erros e dificultades dos alumnos e facer unha valoración do seu progreso.
- Para que o profesor propoña actividades e materiais alternativos de reforzo ou de ampliación, en función das necesidades detectadas.
- Para que o profesor verifique se as actividades realizadas son suficientes e adecuadas ós obxectivos propostos e ó tratamento dos contidos abordados, e para que actúe en consecuencia.
- Para que o alumno coñeza en que medida está logrando cada un dos obxectivos da aprendizaxe.

3.c. A **avaliación final** dá lugar a unha toma de decisións relativas ó acceso a un nivel superior, ó Certificado ou Título que acredita ou sanciona os estudos realizados e á orientación académica ou profesional do alumnado.

3.2. Criterios e instrumentos específicos de avaliación aplicados en Educación Plástica e Visual

A importancia dos **contidos prácticos** da materia fai máis doada a avaliación de forma continuada dos traballos feitos por cada alumno/a (de forma individual ou en grupos) que a realización de exames. Aplícanse os criterios definidos no PCC adaptados ás especificidades da materia, dividíndose a nota nas porcentaxes seguintes: técnica (20%), creatividade (20%), esforzo na realización dos exercicios (20%), limpeza do traballo e puntualidade na presentación (20%), interese polos contidos propostos (10%) e actitude na aula (10%).

- **Avaliación dos contidos teóricos:** Exames parciais (ao menos un ao trimestre) e exame final para o alumnado que non supere os anteriores.
- **Avaliación dos contidos prácticos:** Avaliación continua dos traballos prácticos e seguimento do traballo realizado na aula.
- **Avaliación continua:** É imprescindible a presentación de tódolos traballos plantexados ao longo do curso para aprobar en xuño. En cada trimestre haberá unha data de entrega e recuperación de traballos pendentes.
- **Avaliación Final :** En caso de non ter superada a materia por trimestre o alumnado ten a opción de recupera-lo curso na avaliación final de xuño.

Para as alumnas-os que obtivesen un resultado negativo na terceira avaliación parcial, cada profesor-a preparará actividades e ou traballos diversos que as alumnas-os realizarán tanto na aula coma na casa. Todas estas actividades serán de contidos e/ou estándares non superados no seu momento e é condición indispensable que estean todos entregados nos prazos propostos, feitas todas as actividades e feitas ben, tendo en conta as peculiaridades desa alumna-o. Esta tarefa terá peso dun 25% na nota final.

Ademais, no día acordado, realizarase unha proba escrita con eses contidos e/ ou estándares non superados que foron reforzados. Esta parte suporá un 75% da cualificación final. Para poder superar a materia, é necesario obter nesta proba un mínimo de 4 puntos. Os alumnos/as

que na ponderación obteñan unha nota de 7 a 10 equivaldrá a unha nota final de 6 (Ben). Os alumnos/as que na ponderación obteñan unha nota de 5 a 6 equivaldrá a unha nota final de 5 (Suficiente)

Estes criterios e métodos de avaliación teñen en conta as peculiaridades e características específicas da área de Educación plástica e visual, así coma os contidos que se imparten. Non por isto son subxectivos, senón que se centran máis no desenvolvemento de capacidades e actitudes positivas, de interese e respecto, que na excelencia das destrezas técnicas do alumnado. Deste xeito darase importancia á actitude e comportamento na aula e ó traballo en equipo e aténdese máis o esforzo realizado e o desenvolvemento de capacidades que ós resultados técnicos obtidos nos exercicios propostos.

3.3. Procedementos para a realización da avaliación inicial e para acreditar os coñecementos previos

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso. Xeralmente consistirán en exercicios prácticos utilizados nos cursos anteriores, pero tamén se poderá botar man de fichas dedicadas aos aspectos máis reiterados da nosa materia ou incluso de xogos que dan unha medida bastante fiable da cultura, a capacidade intelectual do alumnado e das súas habilidades manuais.

En caso de que sexa posible, por diversos motivos –informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase...-, ter unha idea xeral do alumnado dun grupo, poderase agardar á realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha. Unha vez detectados os problemas de determinados alumnos con dificultades, procederase a dar coñecemento deles ao persoal do centro especializado e procederase en consecuencia ofrecéndolles clases de apoio, adaptacións curriculares, etc

3.4. Avaliación do alumnado coa materia de Educación Plástica e Visual pendente

- Alumnado de 2º de ESO coa materia pendente de 1º ESO:

- a. Carpeta de traballos prácticos. Entrega por trimestre.
- b. Exame no mes de xuño con contidos teórico-prácticos: No caso de no ter entregados os traballos por curso, o alumnado terá que facer un exame. Aplicaranse os criterios de avaliación mencionados no epígrafe anterior.

- Alumnado de 3º de ESO coa materia pendente de 1º ESO: O alumnado que supere de forma adecuada os contidos de 3º, considerase que ten o nivel necesario para aprobar a materia de 1º.

- Alumnado de 4º de ESO coa materia pendente de 3º ESO:

- a. Carpeta de traballos prácticos. Entrega por trimestre.
- b. Exame no mes de xuño con contidos teórico-prácticos: No caso de no ter entregados os traballos por curso, o alumnado terá que facer un exame. Aplicaranse os criterios de avaliación mencionados no epígrafe anterior.

3.5. Avaliación do alumnado que repite curso

Aos repetidores que teñan aprobada a materia de Educación Plástica e Visual no curso que repiten seguirán a materia do mesmo xeito que os seu grupo, pero introducindo neles variables que lles permitan perfeccionar as habilidades acadadas no anterior curso.

No caso dos repetidores que non superasen a materia no curso anterior, farase un seguimento específico nos puntos do programa que tivesen máis dificultade.

4. OBXECTIVOS XERAIS

O ensino da Educación Plástica e Visual nesta etapa terá como finalidade o **desenvolvemento das seguintes capacidades:**

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do contorno natural e cultural, sendo sensible ás súas cualidades plásticas, estéticas e funcionais.
2. Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e valorando os seus contidos; entendelos como parte da diversidade cultural, contribuíndo o seu respecto, conservación e mellora.
3. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva mais adecuada en función das necesidades de comunicación.
4. Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica e visual e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.
5. Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
6. Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplica-las nas propias creacións.
7. Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporciones e a representación das cualidades das superficies e o detalle, de forma que sexan eficaces para a comunicación.
8. Planificar e reflexionar, de forma individual e cooperativamente, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ó final de cada fase, o estado da súa consecución.
9. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

5. PROGRAMACIÓN

5.1. A sección bilingüe: 1º, 3º e 4º da ESO

A **Educación Plástica e Visual en inglés** ten como finalidade principal potenciar as capacidades comunicativas do alumnado, preparándolle para a súa integración nun contorno onde o uso da lingua inglesa é importante. A materia debe presentarse como algo vivo, espontáneo pero, ó mes mo tempo, planificado, cuns obxectivos que se deben conseguir mediante unha serie de contidos e actividades, dentro do que se considera un ensino aberto, activo, integrador e capaz de preparala persoa para a vida.

O ensino da **Educación Plástica e Visual** nesta etapa formativa ten como **finalidade** o desenvolvemento das seguintes capacidades, todas elas moi relacionadas co ensino dunha lingua estranxeira:

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do contorno.
2. Apreciar os valores culturais e estéticos, entendelos como parte da diversidade cultural.
3. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva mais adecuada en función das necesidades de comunicación.
4. Expresarse con creatividade.
5. Contribuír á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
6. Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas nas propias creacións.
7. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade.

5.1.1. Metodoloxía específica na sección bilingüe

Impartir a materia de Educación Plástica e Visual supón aplicar unha metodoloxía e criterios de avaliación adaptados ás relacións entre os contidos teóricos e os prácticos: “aprender a ver e a expresarse plasticamente nunha linguaxe baseada na percepción visual (aprender a facer)” (do Proxecto Curricular da Área de Debuxo do Centro).

Este é un ámbito ideal para a implantación do ensino bilingüe. Os valores perceptivos e os valores expresivos do alumnado desenvólvense mediante diferentes actividades flexibles e variadas: de observación, de interpretación, de apreciación da forma de expresarse dos outros, de autoexpresión e de autoaprendizaxe (experimentación con distintos materiais, técnicas, sistemas, soportes, modos de expresión, etc.).

Recomendacións metodolóxicas no ensino de Educación plástica e visual na sección bilingüe:

- **Introdución progresiva da lingua inglesa** no desenvolvemento da materia (ata acadar o 50%). Trátase de promover un uso cotián da lingua inglesa, mais aló do contexto das clases específicas deste idioma, traballar o inglés en relación con outras áreas da vida cotiá do alumnado, non como eixo central do aprendizaxe senón coma una ferramenta mais para comprender outros contidos. Partindo de frases sinxelas (saúdo, instrucións básicas) e vocabulario de carácter xeral

chégase ao vocabulario específico da materia (formas, cores, ferramentas e materiais, accións). Reafirmar o aprendido e ampliar o vocabulario específico da materia

- **Papel do profesor.** O profesor deberá ser unha persoa flexible, afeito a observar, analizar, reflexionar e planificar para adaptar o ensino ás características específicas dos alumnos e do seu contexto, admitindo a súa participación, favorecendo un clima de interacción que propicie a manifestación de intereses, intercambio de ideas, opinións e colaboración, de xeito que o alumnado este sempre motivado. No caso de contar ca presenza do **auxiliar de conversación**, este colaboraría coas instrucións e o vocabulario.

- **Materiais e recursos.** Albumes ilustrados, cómics e contos, material audiovisual (películas en versión orixinal, videoclips musicais) e material sobre artistas plásticos do mundo anglosaxón son empregados para fomentar a asociación imaxe-palabra.

- **Temporalización.** As sesións adicadas a cada un dos contidos mencionados na programación será determinada polo progreso do alumnado. Debido á peculiaridade da materia e á especificade dos criterios de avaliación, o tempo dedicado a cada contido dependerá das características de cada grupo.

- **Relación coas clases específicas de lingua inglesa:** De xeito que o alumnado relacione a aprendizaxe da lingua co seu uso cotián, organizaranse actividades conxuntas coma conta contos, proxeccións de películas en versión orixinal, etc.

5.1.2. A avaliación na sección bilingüe

A importancia dos contidos prácticos da materia fai máis doada a avaliación de forma continuada dos traballos feitos polo alumnado que a realización de exames. Aplícanse os criterios definidos no PCC adaptados ás especificidades da materia, dividíndose a nota nas porcentaxes seguintes: técnica (20%), creatividade (20%), esforzo na realización dos exercicios (20%), limpeza do traballo e puntualidade na presentación (20%), interese polos contidos propostos (10%) e actitude na aula (10%). **En ningún caso se avaliarán os coñecementos de lingua inglesa do alumnado.**

5.2. 1º ESO

5.2.1. Contidos

I. Expresión plástica:

- Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.
- Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.
- O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.
- Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.
- Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.
- Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.

- Composición: elementos.
- O ritmo na composición.
- A cor coma fenómeno físico e visual.
- Mestura aditiva e mestura substractiva.
- Círculo cromático. Cores complementarias.
- Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.
- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

II. Comunicación audiovisual

- Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.
- Comunicación visual. Símbolos e iconas.
- O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.
- Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.
- Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.

III. Debuxo técnico

- Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.- Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.
- Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.
- Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.
- Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.
- Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.
- Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.
- Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.
- Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.
- Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.
- Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.
- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.
- Construción de triángulos.
- Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.
- Triángulo rectángulo: características e construción dun.
- Cuadriláteros: clasificación e propiedades.
- Construción de cuadriláteros.
- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.

- Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.

5.2.2. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

As capacidades expresadas nos obxectivos non son directamente avaliáveis, polo que para a identificación das aprendizaxes realizadas propoñémolos criterios de avaliación seguintes, que han de permitírnola observación do grao e nivel dos logros acadados polos alumnos logo de traballalos contidos propostos nas distintas actividades.

- Representa de forma simplificada formas naturais e artificiais dentro dun espacio, mediante o trazado de liñas, manchas de cor, tonalidades de grises e texturas, captando lo básico.

- Distingue e aprecia plasticamente as texturas, tanto visuais como táctiles, que pode obter a través do tratamento de diferentes materiais con técnicas diversas, e utiliza as texturas de modo que se acomoden á imaxe e á mensaxe a transmitir en cada intre.

- Representa de forma realista, e tamén desde unha perspectiva subxectiva, as dimensións dos obxectos e os ambientes que lle rodean, atendendo ós conceptos de proporcionalidade e escala e á adecuada comparación coa figura humana.

- Interpreta e recrea signos convencionais que serven de código visual en situacións habituais da vida diaria, sendo capaz de encontrar e xustifica relacións formais, estéticas e de contido, entre a imaxe e o que representa.

- Elixe e utiliza con autonomía diferentes tipos de soporte, materiais e instrumentos, adecuándoos tanto ás diversas técnicas gráficas e plásticas como ás propostas feitas na aula.

- Encontra e formula distintos significados posibles dunha imaxe, unha vez descritos os aspectos formais da forma máis obxectiva que lle sexa posible, disfrutando na recreación de esa imaxe.

- Organiza formas, cores e elementos dentro dun encadre ou campo visual dado de diversas formas, tendo en conta conceptos como iluminación, proporción, ritmo, dirección e peso visual, e representando diferentes resultados mediante bocetos.

- Describe imaxes de forma denotativa e connotativa, tendo en conta, por un lado, os conceptos de carácter visual e plástico que teña asimilado e identificando as técnicas mediante as que se teña elaborado, e, por outro, aventurando posibilidades na intención do emisor baseadas en elementos visuais e no contexto.

- Resolve unha determinada situación de expresión e/o comunicación seleccionando entre os diferentes modos de produción gráfica, plástica ou icónica ou máis axeitado, e presentando un sinxelo boceto, historieta ou guión técnico con descrições de carácter visual.

- Recrea ambientes, obxectos e imaxes e situacións reais, e interesase pola participación en exposicións no ámbito da aula e do centro, aportando as súas propias creacións e apreciando as dos demais compañeiros e compañeiras e as producidas por artistas actuais e do pasado.

- Valora a linguaxe visual e plástico como un medio de expresión, de comunicación e de disfrute persoal.

5.2.3. Competencias:

Cultural e artística:

- Coñecer e diferencia-los distintos códigos artísticos que se dan nas manifestacións plásticas.
- Identificar diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lle son propios.
- Traballar con materiais e técnicas concretas experimentando coas súas posibilidades visuais.
- Facilitar a expresión e comunicación artística persoal.
- Identificar o contorno e aplicar diversas técnicas na súa descrición.
- Facilitar a expresión e comunicación a través da cor.

Comunicación lingüística:

- Desenvolver a capacidade lingüística na área das artes visuais co obxecto de comunicar mellor as ideas.
- Adquirir un vocabulario específico en relación ós diferentes axentes ou significantes plásticos.

Aprender a aprender:

- Observar, descubrir e reflexionar co fin de adquirir información e documentación acerca das formas.
- Proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos que relacionen o plano e o espacio.
- Utilizar a técnica e os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Observar co fin de adquirir información suficiente e relevante.
- Favorecer a reflexión sobre os procesos creativos.

Autonomía e iniciativa persoal:

- Desenvolver a creatividade e favorecer iniciativas persoais baseadas na investigación e experimentación.
- Desenvolver estratexias de planificación, tendo presente diferentes posibilidades creativas.
- Planificalos procesos creativos, sendo autocrítico cos resultados.
- Favorecer a creatividade e imaxinación na procura de formas, planificando o proceso creativo.

Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Observar e descubrir a relación entre o mundo natural e o artificial.
- Utilizar técnicas concretas para a descrición das formas corpóreas.
- Aplicar procedementos para-lo estudio e descrición do contorno.

Social e cidadán:

- Coidar e conservar tódolos materiais e instrumentos e utilizalos convenientemente no proceso creativo.
- Traballar en equipo, aportando ideas, solucións e respectando as dos demais.
- Traballar en creacións plásticas, expresando vivencias e emociónes.
- Coidar e conservalos materiais e instrumentos de debuxo técnico e utilizalos convenientemente no proceso descritivo.
- Traballar en equipo cooperando e sendo responsable dos actos.

Matemática

- Coñecer diferentes materiais e instrumentos de trazado técnico.
- Desenvolver capacidades e habilidades relacionadas co trazado xeométrico.
- Coñecer diferentes métodos xeométricos e utiliza-los correctamente.
- Identificar trazados xeométricos elementais para chegar a solucións máis complexas.

- Desenvolver capacidades abstractas co obxecto de entender como se aprecia e se representa a realidade espacial.
- Identificar diferentes códigos científicos e matemáticos de representación de formas.
- Utilizar o coñecemento xeométrico en producións persoais.

Información e competencia dixital

- Coñecer e adquirir capacidade no uso de medios tecnolóxicos concretos para-lo tratamento da cor na imaxe.

5.3. 3º ESO

5.3.1. Obxectivos xerais para 3º da ESO. A sección bilingüe

- Observar, percibir e interpretar correctamente todo tipo de mensaxes visuais do contorno.
- Utilizalos elementos conformadores da linguaxe plástico e visual co fin de enriquecer as súas posibilidades expresivas e comunicativas.
- Observar, comprender e analizar as formas captando as súas cualidades formais e estéticas, tanto superficiais como internas.
- Comprender e analizar as diferentes relacións que dánse entre os elementos da linguaxe visual e plástica, así como a súa relación con outras linguaxes.
- Representalas formas no plano dunha forma obxectiva e convencional.
- Disfrutar coa realización das súas producións, valorando a linguaxe plástica e considerándoa unha actividade gratificante e de benestar persoal.
- Respetar e apreciar as producións dos demais, aínda que non estean de acordo con os seus gustos, superando posicións estereotipadas.
- Valora-la constancia no traballo para encontrar mellores solucións gráfico-plásticas para expresar as súas emocións, sentimentos e ideas.
- Interpretar formas no plano de forma obxectiva e convencional.
- Apreciar o feito artístico nas manifestacións cotiás en imaxes e formas.
- Valorar e apreciar o material, coidando a súa limpeza e uso para que se adapte mellor as súas necesidades creativas.

5.3.2. Contidos.

I. Expresión plástica:

- Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.
- O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.
- O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.
- Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.
- Temperatura da cor.
- Simbolismo da cor.
- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

- Percepción visual. Proceso perceptivo.- Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.
- Ilusións ópticas.
- Leis ou principios da *Gestalt*.
- Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.
- Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.
- Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe.
- Denotación e connotación.
- Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.
- Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.
- Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
- Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.
- Cine. O cine como medio de comunicación.
- Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.

III. Debuxo técnico

- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.
- Construción de polígonos regulares dado o lado.
- Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.
- Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.
- Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.
- Redes modulares: cadrada e triangular.
- Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.
- Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivos. Vistas diédricas dun sólido.
- Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.
- Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.

5.3.3. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliábeis.

- Identifica os elementos constitutivos das linguaxes visuais e comunicativas.
- Identifica os elementos básicos da linguaxe gráfico-plástica e aplícaos en producións propias.
- Determina as relacións que podan darse entre as diferentes linguaxes e modifica algúns elementos significativos.
- Participa en tarefas en grupo e aporta os seus coñecementos propios no plantexamento e resolución de problemas.
- Realiza representacións no plano e no espazo de sólidos volumétricos.
- Determina a solución correcta na elaboración de producións propias, profundando e explorando os elementos de forma, cor, luz e textura.
- Valora a aportación dos demais compañeiros e compañeiras e emite opinións sobre a calidade formal e artística das obras con un xuízo tolerante e crítico.

- Realiza tódalas propostas de traballo cun espírito de investigación e pesquisa das mellores solucións.
- Representa pezas sinxelas sobre o plano, utilizándoos diferentes sistemas de representación.
- Produce obras variadas, utilizando as técnicas e procedementos mais adecuados en cada caso.
- Utiliza correctamente o material técnico no trazado do debuxo analítico.

5.3.4. Competencias.

Cultural e artística:

- Coñecer, valorar e respectar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, e aplicarlos recursos e técnicas que lle son propios.
- Coñecer os diferentes axentes plásticos e apreciar os seus valores nas producións artísticas.
- Facilitar a expresión e a comunicación coa cor.
- Coñecer e diferenciar os distintos códigos artísticos que dánse nas manifestacións plásticas.

Comunicación lingüística:

- Coñecer diferentes medios comunicativos e xerar intercambios.
- Adquirir un vocabulario específico que permita unha mellor comunicación.

Aprender a aprender:

- Aplicar os coñecementos aprendidos en diferentes situacións.
- Observar co fin de adquirir información suficiente e notable.
- Utilizar en situacións diferentes os coñecementos adquiridos.

Autonomía e iniciativa persoal:

- Desenvolver a creatividade e favorecer a procura de novas formas no proceso creativo.
- Favorecer a orixinalidade e a procura de novas formas no proceso creativo.
- Desenvolver estratexias de planificación, tendo presente diferentes posibilidades creativas.

Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Utilizar procedementos baseados na observación e na experimentación directa.
- Aplicar procedementos para o estudo e descrición do contorno.

Social e cidadán:

- Utilizar os axentes o significantes plásticos solos en procesos creativos.
- Coidar e conservar os materiais e instrumentos e utilizalos correctamente en tódolos procesos creativos.
- Aplicar técnicas de cor e aproveitar os espazos de forma axeitada.
- Traballar en equipo cooperando e respectando ós demais.

Matemática:

- Desenvolver capacidades psicomotrices, como habilidade no trazado xeométrico.
- Coñecer diferentes métodos xeométricos e utilizalos correctamente.
- Desenvolver a capacidade abstracta para a aplicación do método científico na descrición de formas.
- Utilizar o trazado xeométrico para describir formas.
- Coñecer e utilizar diferentes métodos científicos e matemáticos para describir formas.

Información e competencia dixital

- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.
- Fomentar o uso dos medios tecnolóxicos para a creación.
- Coñecer e manexar medios tecnolóxicos concretos.

5.4. 4º de ESO

5.4.1. Contidos

I. Expresión plástica

- A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.- Leis da composición.
- Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.
- Cor como ferramenta simbólica.
- Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.
- Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.
- Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.
- Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).
- Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.
- Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.
- Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.

II. Debuxo técnico

- Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.
- Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.
- Tanxencias e enlaces.
- Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.
- Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.
- Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.
- Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.
- Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.
- Perspectiva cónica central.
- Perspectiva cónica oblicua.
- Análise das posibilidades da posición do punto de vista.
- Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.

III. Fundamentos do deseño

- Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).

- Fases do proceso de deseño.
- Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.
- Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.
- Campos de aplicación do deseño.
- Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.
- Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.
- Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.
- Informática ao servizo dos proxectos de deseño.
- Planificación dun proxecto artístico.

IV. Linguaxe audiovisual e multimedia

- Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.
- Realización dun *storyboard*.
- Estudo de planos, ángulos e movementos de cámara no cine.
- Criterios estéticos na elaboración de fotografías.
- Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.
- Creación dixital de imaxes.
- Deseño dun proxecto publicitario.
- Desenvolvemento dun proxecto persoal.
- Análise crítica da linguaxe publicitaria.

5.4.2. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

- Identificalos elementos constitutivos das linguaxes visuais e comunicativas.
- Identificalos elementos básicos da linguaxe gráfico-plástica e aplícaos en producións propias.
- Determinalas relacións que podan darse entre as diferentes linguaxes e modifica algúns elementos significativos.
- Participar en tarefas en grupo e aporta os seus coñecementos propios no plantexamento e resolución de problemas.
- Realizar representacións no plano e no espazo de sólidos volumétricos.
- Determinala solución correcta na elaboración de producións propias, profundando e explorando os elementos de forma, cor, luz e textura.
- Valorala aportación dos demais compañeiros e compañeiras e emite opinións sobre a calidade formal e artística das obras con un xuízo tolerante e crítico.
- Realizar tódalas propostas de traballo cun espírito de investigación e procura das mellores solucións.
- Representar pezas sinxelas sobre o plano, utilizándoos diferentes sistemas de representación.
- Producir obras variadas, utilizando as técnicas e procedementos máis adecuados en cada caso.
- Utilizar correctamente o material técnico no trazado do debuxo analítico.

5.4.3. Competencias:

Cultural e artística:

- Coñecer e diferencia-los distintos códigos artísticos que se dan nas manifestacións plásticas.
- Identificar diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lle son propios.
- Traballar con materiais e técnicas concretas experimentando coas súas posibilidades visuais.
- Facilitar a expresión e comunicación artística persoal.
- Identificar o contorno e aplicar diversas técnicas na súa descrición.
- Facilitar a expresión e comunicación a través da cor.

Comunicación lingüística:

- Desenvolver a capacidade lingüística na área das artes visuais co obxecto de comunicar mellor as ideas.
- Adquirir un vocabulario específico en relación ós diferentes axentes ou significantes plásticos.

Aprender a aprender:

- Observar, descubrir e reflexionar co fin de adquirir información e documentación acerca das formas.
- Proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos que relacionen o plano e o espacio.
- Utilizar a técnica e os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.
- Observar co fin de adquirir información suficiente e relevante.
- Favorecer a reflexión sobre os procesos creativos.

Autonomía e iniciativa persoal:

- Desenvolver a creatividade e favorecer iniciativas persoais baseadas na investigación e experimentación.
- Desenvolver estratexias de planificación, tendo presente diferentes posibilidades creativas.
- Planificalos procesos creativos, sendo autocrítico cos resultados.
- Favorecer a creatividade e imaxinación na procura de formas, planificando o proceso creativo.

Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Observar e descubrir a relación entre o mundo natural e o artificial.
- Utilizar técnicas concretas para a descrición das formas corpóreas.
- Aplicar procedementos para-lo estudio e descrición do contorno.

Social e cidadán:

- Coidar e conservar tódolos materiais e instrumentos e utilizalos convenientemente no proceso creativo.
- Traballar en equipo, aportando ideas, solucións e respectando as dos demais.
- Traballar en creacións plásticas, expresando vivencias e emociónes.
- Coidar e conservalos materiais e instrumentos de debuxo técnico e utilizalos convenientemente no proceso descritivo.
- Traballar en equipo cooperando e sendo responsable dos actos.

Matemática

- Coñecer diferentes materiais e instrumentos de trazado técnico.
- Desenvolver capacidades e habilidades relacionadas co trazado xeométrico.
- Coñecer diferentes métodos xeométricos e utiliza-los correctamente.
- Identificar trazados xeométricos elementais para chegar a solucións máis complexas.

- Desenvolver capacidades abstractas co obxecto de entender como se aprecia e se representa a realidade espacial.
- Identificar diferentes códigos científicos e matemáticos de representación de formas.
- Utilizar o coñecemento xeométrico en producións persoais.

Información e competencia dixital

- Coñecer e adquirir capacidade no uso de medios tecnolóxicos concretos para-lo tratamento da cor na imaxe.

6. TEMPORALIZACIÓN

As sesións dedicadas a cada un dos contidos mencionados na programación será determinada polo progreso do alumnado. Debido á peculiaridade da materia e á especificade dos criterios de avaliación, o tempo adicado a cada contido dependerá das características de cada grupo.

7. TEMAS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

As **actitudes e a formación cívica** dos estudantes reflicte no seu aproveitamento académico e repercute no social. Perseguiamos a formación das persoas nos valores que constitúen a base da vida común e que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza.

Potenciar a **educación en valores democráticos**, canalizada a través de diversos ámbitos de actuación como son: a educación para a igualdade de homes e mulleres; a convivencia, cidadanía e cultura de paz; a interculturalidade; o medio ambiente e desenvolvemento sostible; a educación viaria; o consumo responsable; o lecer; a saúde e o medio mariño.

Os contidos que cobren o proceso educativo en xeral e que deben ser abordados desde as diferentes áreas son de carácter fundamentalmente actitudinal e constitúen o que se denomina **temas transversais**. A Educación Plástica e Visual aborda estes contidos contribuíndo ó desenvolvemento dalgúns des tes temas no grao que lles resultan máis específicos á materia.

En relación coa **educación para o consumo**, esta área dota os alumnos dunha serie de procedementos que lles permiten analizar criticamente as necesidades de consumo a través do coñecemento do deseño publicitario, cuns fundamentos que constitúen os elementos integrantes da imaxe que favorecen o desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva sobre as mensaxes que recollen nos diferentes ambientes e a través dunha gran diversidade de medios de comunicación visual.

Os **produtos de consumo cultural**, como o cine, teatro, pintura, etc., que os alumnos empregan xeralmente para cubrir momentos de tempo libre ó longo do día, son medios que

provocan a capacidade creativa dos alumnos e que lles poden descubrir posibles aplicacións noutro terreo, descoñecidas ata ese momento.

Os **materiais e obxectos de refugallo**, reciclados e re-utilizados, apórtanlle ó alumnado instrumentos para a realización de actividades creativas, desenvolvendo unha conciencia sobre o gasto excesivo e o abuso de consumo.

Na **educación ambiental**, a Educación Plástica e Visual ten a súa maior colaboradora, xa que lles ofrece ós alumnos pautas para valorar as obras visuais creadas en relación co medio ambiente cu as obras que, como a arquitectura, urbanismo, etc., amosan actuacións e comportamentos inadecuados ou de respecta polo medio ambiente. Esta área contribúe pois, á mellora e ó desenvolvemento da comunicación das persoas co seu contorno.

Igualmente, mediante a Educación Plástica e Visual preténdese que as alumnos e alumnas respecten, valoren e conserven o **patrimonio cultural**, sensibilizándoos a través dunha actitude crítica e reflexiva. Mediante a relación cos demais e participando con outras persoas ou grupos na realización de actividades, tanto dentro como fóra do recinto escolar, chegarase a apreciarlo enriquecemento que supón o traballo en equipo con outras persoas.

A **igualdade entre os sexos** conséguese valorando por igual os criterios aportados por alumnos e alumnas, fomentando o interese pola análise crítica de contidos que posúan algún carácter de discriminación sexista nas representacións gráficas, como pode suceder na publicidade que utiliza a muller como símbolo sexual, procurando eliminar estereotipos que, de forma máis ou menos inconsciente, se reflicten no seu traballo, de xeito que se produza un cambio de actitude partir da colaboración de ámbolos sexos nas distintas actividades e nos equipos de traballo.

A Educación Plástica e Visual tamén pode abordar outros aspectos coma poden sela **educación para a paz, educación para a saúde, etc.**, ó favorecela colaboración entre os alumnos, o respecto polas opinións e polas solucións distintas ás propias, e á promove-lo desenvolvemento emocional e psíquico, a autoestima, independencia e autonomía da alumno a través das capacidades expresivas e creativas.

8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Participación e colaboración do alumnado nas actividades do departamento de **Actividades Extraescolares e Complementarias** e doutros departamentos programadas polo Centro.

Actividades propostas polo Departamento de Debuxo en función do calendario e dos recursos dispoñibles:

- Visita a museos e centros de arte (Museo de Arte Contemporánea de Vigo, Centro Galego de Arte Contemporánea, etc.).

- Visita a exposicións temporais.
- Saídas para visitar lugares de interese artística e cultural como monumentos e obras de artistas locais interesantes.
- Visitas a talleres de artistas locais.
- Asistencia e participación en eventos culturais (teatro, concertos, conferencias, etc.).

9. ACCIÓNS E CONTRIBUCIONS AO PLAN TIC, AO PLAN LECTOR E AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Plan TIC:

Uso das TIC para o aprendizaxe de diferentes contidos da materia, como o deseño a través de programas informáticos, a fotografía, o uso de dispositivos móbiles e a aprendizaxe a través dun uso correcto das redes sociais (Pinterest, Instagram, Twitter, etc.).

- Proxecto LECTOR:

Implicación directa do departamento de Debuxo na biblioteca, traballando os contidos do PDI.

- Plan de CONVIVENCIA:

No Plan Galego de Mellora da Convivencia Escolar da Xunta de Galicia defínese convivir como “compartir vivencias xuntos”, proceso no que “apréndese interatuando; fomentando as boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica; desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades”. Actividade que “require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo” no que debe implicarse toda a comunidade educativa.

Débese “tomar conciencia da existencia dos conflitos en todos os ámbitos da vida e da necesidade de afrontalos de modo non violento, impulsando a adquisición de competencias e habilidades sociais que favorezan a súa resolución pacífica”.

As peculiaridades do traballo na aula de Plástica (necesidade de moito espazo para traballar, uso de materiais que manchan ou perigosos, a distribución do espazo de traballo...) é un foco indiscutible de posibles conflitos entre o alumnado e entre estes e o profesorado. Aproveitar estes “pequenos” conflitos para incidir no aprendizaxe da resolución de conflitos maiores é unha boa forma de contribuír ao Plan de Convivencia do Centro.

10. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN, O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A programación é un documento aberto ás modificacións precisas que a práctica docente diaria mostre que non se asustan aos obxectivos docentes da materia. Avaliar afecta non so aos

procesos de aprendizaxe do alumnado senón tamén ao resto dos implicados no proceso de ensino: profesor e programación. A autoavaliación farase arredor de dous bloques:

1. Consecución dos obxectivos marcados na programación: análise dos resultados acadados polo alumnado e dos resultados académicos
2. Posibles modificacións cara vindeiras programacións

11. BIBLIOGRAFÍA

- Albers, Josef. A interacción da cor. Alianza Editorial. 1968.
- Arnheim, Rudolph. Arte e percepción visual. Alianza Editorial. 1989.
- Consideraciones sobre a educación artística. Editorial Paidós. 1993.
- Bajada, Marta e Juanola, Roser. A educación visual na escola. Editorial Paidós. 1987.
- Dondis, D. A. A sintaxe da imaxe. Editorial Gustavo Gili. 1985.
- Edwards, Bette. Aprender a dibujar. Editorial Blume, 1979.
- Gardner, Howard. Educación artística e desenvolvemento humano. Editorial Paidós. 1994.
- Gillam Scott, Robert, Fundamentos do Diseño. Editorial Limusa, 1991.
- Goldstein, E. Bruce. Sensación e percepción. Editorial Debate. 1988.
- Gómez Senté, Eliseo, Diseño Industrial. Universidad Politécnica de Valencia, 1986.
- Hernández Hernández, Fernando; Jódar Miñarro, Asunción; Marin Viado, Ricardo. ¿Qué é a Educación Artística? Ediciones Sendai. 1991.
- Kandinske, Wassile. Cursos da Bauhaus. Alianza Editorial, 1975.
- Lanzotti, Lucía. Educación Plástica e Visual, Editorial Mare Nostrum, 1994.
- Lawenfeld, V. e Brittai, W. L. Desenvolvemento da capacidade creadora. Editorial Kapelusz. 1980.
- Leire, Adoa; Dogado, Xoán; Martínez, Elvira. A Expresión Plástica na aula. Editorial Ir Indo. 1992.
- Malins, Frederick. Para entender a pintura: os elementos da composición. Editorial Blume, 1980.
- Maer, Ralph. Materiales e técnicas do arte. Editorial Blume, 1981.
- Merodio, Isabel, Expresión Plástica en Secundaria. Editorial Narcea. 1987.
- Munhari, Bruno. ¿Cómo hacemos objetos? Editorial Gustavo Gili, 1983
- Diseño e Comunicación Visual. Editorial Gustavo Gili, 1973.
- Olivares Ruiz e Vélez Cea. Curso de metodoloxía da creatividade para Diseño Gráfico. I.C.E. Granada, 1994.
- Puente J., Rosa. Dibujo y Educación Visual. Editorial Gustavo Gili, 1986.
- Puig, Arnau. Socioloxía das formas. Editorial Gustavo Gilí. 1979.
- Read, Herbert Educación por o Arte. Editorial Paidós. 1985
- Saxton, Collin. Curso de arte. Editorial Blume, 1982.
- Smith, Rae. O manual do artista. Editorial Blume, 1987.
- Sorin, Mónica. Creatividade: ¿cómo, por qué, para quién? Editorial Labor. 1992.
- Tamaeo Acosta, Daniel, Educar a sensibilidade. Editorial Alhambra. 1990.

- Torre, Saturnino da. Creatividad plural: sendas para indagar sus múltiples perspectivas. Promoción de Publicaciones Universitarias. 1984.
- Wick, Rainer. Pedagogía da Bauhaus. Alianza Editorial. 1993.
- Wong, Wudus. Principios do Deseño en cor. Editorial Gustavo Gili, 1988.
- Fundamentos do Deseño bi-tridimensional, Editorial Gustavo Gili, 1979.